

Resolución do 17 de febreiro de 2010, da Secretaría de Estado de Medio Rural e Auga, pola que se publica, para o exercicio 2010, a convocatoria de subvencións destinadas á promoción das mulleres do medio rural.

Beneficiarios e requisitos para solicitar a subvención.– Poderán ser beneficiarios destas axudas as entidades previstas no artigo 2 das bases reguladoras destas subvencións: Orde APA/1899/2006, do 6 de xuño, publicada no Boletín «Oficial do Estado Número 142, do 15 de xuño de 2006, modificada pola Orde ALA/1028/2007, do 11 de abril, publicada no Boletín «Oficial do Estado Número 94, do 19 de abril, establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á promoción de mulleres do medio rural: *Asociacións, fundacións, federacións e outras agrupacións de mulleres do medio rural, legalmente constituídas como tales e inscritas no correspondente Rexistro Público, sen ánimo de lucro, de ámbito estatal e que realicen proxectos para a promoción da muller rural, que desenvolvan actividades incluídas no artigo 3 das devanditas bases:*

a) Promoción e asesoramento para a creación de empresas innovadoras de produción agraria primaria no medio rural, que poidan proporcionar novos empregos ocupados maioritariamente por mulleres. Os principais ámbitos de actuación serán a utilización de produtos ociosos ou subempregados, a incorporación de valor aos produtos agrarios e a busca de saídas no mercado para os mesmos, a utilización de novas tecnoloxías, así como a contribución á diversificación económica da zona e a prestación de servizos que faciliten a conciliación da vida laboral e familiar.

b) Realización de estudos con enfoque de xénero no medio rural.

c) Asistencia a foros de intercambio de coñecementos ou actividades similares, tanto de ámbito nacional como internacional, que contemplan especificamente a situación da muller no medio rural.

As solicitudes: dirixiranse ao Director Xeral de Desenvolvemento Sostible do Medio Rural, de acordo co modelo establecido no anexo I. As solicitudes presentaranse antes do 24 de marzo de 2010 acompañada dos seguintes documentos:

- a) Copia dos estatutos actualizados da entidade solicitante e certificación acreditativa das facultades ou poderes do representante da mesma.
- b) Xustificación do cumprimento do que se establece no artigo 2 das bases

reguladoras.

- c) Memoria das actuacións a realizar, con indicación da súa xustificación, alcance das mesmas e beneficios derivados para as mulleres do medio rural.
- d) Orzamento dos gastos previstos para o conxunto das actuacións, acompañado, se é o caso, de ofertas comerciais dos citados gastos.
- e) Certificado do representante da entidade solicitante en que consten as axudas públicas solicitadas e, se é o caso, obtidas para a mesma finalidade nos tres anos anteriores e no presente exercicio.
- f) Acreditación de acharse ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorización ao Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino para conseguir información segundo o modelo establecido no anexo II.

As solicitudes de subvención previstas nesta resolución valoraranse de acordo cos seguintes criterios:

- a) Adecuación do proxecto ás actividades, finalidades e prioridades contempladas no artigo 3 da Orde ALA/1899/2006, do 6 de xuño, que establecen as bases reguladoras e a súa modificación para a concesión de subvencións destinadas á promoción de mulleres do medio rural, ata un máximo de 4 puntos.
- b) Repercusión do proxecto na consecución do obxecto desta resolución, ata un máximo de 4 puntos.
- c) Vinculación estatutaria das entidades solicitantes ás organizacións interprofesionais agrarias (OPAS), ata un máximo de 4 puntos.
- d) Número de mulleres beneficiarias do proxecto, ata un máximo de 4 puntos.
- e) Orzamento dos proxectos: valorarase o orzamento presentado pola entidade para a realización do proxecto, así como a adecuación, a concreción e o axuste entre os distintos conceptos do gasto e o custo medio por beneficiaria, en relación coas actividades propostas, ata un máximo de 3 puntos.
- f) Dimensión social e capacidade de xestión para o desenvolvemento dos proxectos: valorarase a estrutura xeral da entidade, recursos humanos, técnicos e materiais, ata un máximo de 3 puntos.
- g) Experiencia acreditada na organización e desenvolvemento de proxectos similares dirixidos á promoción da igualdade de oportunidades, especialmente no ámbito rural, ata un máximo de 2 puntos.

2. Non serán consideradas, para os efectos de obtención da subvención, aquelas entidades concorrentes cuxas solicitudes e proxectos presentados non obteñan unha puntuación mínima de 10 puntos.

AXUDAS

O prazo máximo para a resolución e notificación do procedemento finalizará en setembro de 2010.

O financiamento das axudas previstas na presente orde para o ano 2010, efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 23.18.414B.485.00 «Axudas a mulleres para tecnoloxía da información e comunicación».